

## ORDENANZA FISCAL NUMERO T16

**Taxa polos servicios de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais,  
incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.**

### ***Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.***

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20. 1 b) ambos dous do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo servicio de sumidoiros e polo tratamiento de augas residuais, que se rexirá pola presente Ordenanza.

### ***Artigo 2º. Feito impoñible.***

1. Constitue o feito impoñible da taxa::
  - a) A actividade municipal, técnica ou administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede municipal de sumidoiros.
  - b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas negras, residuais, e pluviais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamiento para depuralas.
2. Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, terán carácter obligatorio para todas as fincas do termo municipal que teñan fachadas a rúas, prazas, ou vías públicas nas que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e percibirase a taxa ainda que os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.
3. Conforme ó artigo 37.3 do Regulamento do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga “non se poderá verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios procedentes de manantiais ou fligración de terreos. No caso de que fose autorizado dito verquido por non terse outra posibilidade, o responsable do mesmo virá obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados en bombeo e depuración polo caudal verquido.
4. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

### ***Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.***

1. Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan:
  - a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
  - b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.
2. En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuiente o propietario destes inmobilés, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.
3. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
  - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

- b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

***Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.***

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algúun, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

***Artigo 5º. Cota tributaria.***

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desaugüen convxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servicio de evacuación e tratamento.
2. A tarifa correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:
  - a) na cantidad fixa de 19,00 euros.
  - b) e, ademáis, por cada vivenda ou local de que dispoña o edificio aboará outros 19,00 euros.
3. A tarifa pola prestación do servicio de evacuación e tratamento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola taxa por prestación do servicio de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.
4. Ós efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.
5. Cota tributaria do vertido ou filtración do terreo ou manantiais:  
Unha vez concedida a licencia ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:  
A tarifa por vertido de filtracións do terreo establecése en base aos m<sup>2</sup> da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota tributaria seguinte:
  - a) edificacións con soto ata 900 m<sup>2</sup>: 22,22 euros/bimestre
  - b) edificacións con soto entre 900 e 2.000 m<sup>2</sup>: 44,45 euros/bimestre
  - c) edificacións con soto de máis de 2.000 m<sup>2</sup>: 66,68 euros/bimestre
6. Establécese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluindo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboadio no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda.

***Artigo 6º. Dereito á percepción e período impositivo.***

Percibirase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendendose a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Den que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A percepción por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que obtivera ou non a

licencia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que se poida instruir para a súa autorización.

***Artigo 7º. Normas de xestión.***

1. A débeda tributaria derivada de acometidas á rede de sumidoiros esixirase en réxime de autoliquidación polo que ó tempo da súa solicitude deberá acreditarse ter realizado o pagamento mediante ingreso directo na Tesourería Municipal.
2. A débeda tributaria derivada da evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais liquidarase e recadarase por padrón, nos mesmos períodos e prazos que a taxa por suministro domiciliario de auga, en un único recbo xunto con ésta e a da taxa por prestación do servicio de recollida de lixo.  
A inclusión no Padrón realizarase de oficio, unha vez concedida a licencia de acometida á rede.

***Artigo 8º. Obrigas tributarias formais.***

Constitúese como obriga tributaria formal dos suxeitos pasivos da taxa, tanto contribuíntes como substitutos, a presentación no Rexistro Xeral do Concello das solicitudes de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracóns surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracóns de alta e baixa.

***Artigo 9º. Infraccións e defraudacións.***

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da lei Xeral Tributaria, e iso sen prexuízo das que conforme a lexislación urbanística se poidan esixir.

***Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.***

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicada no BOP número 29 de data 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: o artigo 5 da presente Ordenanza foi modificado por acordo plenario de data 15 de novembro de 2010 e publicado no BOP 24 de 31 de xaneiro de 2011.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2001 e publicada no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011